

ALMEDA SAMARANCH, Elisabeth: *Corregir y Castigar. El ayer hoy de las cárceles de mujeres*. Barcelona. Edicions Bellaterra; 2002. Y *Mujeres encarceladas*. Barcelona. Editorial Ariel; 2003.

Elisabet Almeda actualmente é profesora de Socioloxía na Universidade Pompeu Fabra e dentro da súa ampla bibliografía e investigacións destacan os traballos relativos ó ámbito penitenciario, sobre todo os que fan referencia á situación das mulleres. A súa tese doutoral “ Passat i present de les presons de dones. Un estudi de cas al centre penitenciari de Brians” constitúese na base destes dous libros, xa que a súa transcendencia teórica e investigadora facía necesaria a súa publicación, e deste xeito mostrar unha realidade tan oculta e descoñecida como é a das cadeas de mulleres.

As dúas obras parten da idea de que o actual sistema penitenciario así como as condicións de vida nas cadeas non posibilitan o cumprimento do fin da reinserción social dos homes e das mulleres condeanadas, quedándose reducido ó obxectivo de custodia e retención das delinquentes. Pero diferénciase dos poucos estudos que existen en España sobre prisións femininas porque circunscríbense dentro da criminoloxía de xénero ou criminoloxía feminista, que consiste no análise das circunstancias e peculiaridades das cadeas de mulleres dende unha perspectiva de xénero. Esta teses xurde en Europa a principios da década de 1980 como crítica ás teorías existentes sobre a delincuencia feminina, afirmando que a pena privativa de liberdade é moito máis severa para as mulleres en comparación cos homes.

O primeiro dos libros de Almeda, *Corregir y Castigar*, divídese en dúas partes diferenciadas cronoloxicamente, pero mantendo un fío argumental común. Na primeira parte, a autora fai un percorrido pola historia das prisións femininas dende o século XVI en España ata a dictadura franquista e a segunda parte, consiste nun exame máis pormenorizado das cadeas de mulleres a partires da democracia. Para poder dar unha visión máis acorde coa realidade ó longo de tódolos capítulos, Almeda ofrécenos, por un lado, o panorama dos distintos pensamentos penais e criminolóxicos que constitúen o contexto punitivo, tanto europeo como español, de cada período dentro destes catro séculos nos que centra o seu estudio. E por outro lado, fai referencia as cadeas de homes, posto que a pesar que dende o século XVI xa existían normas para a separación dos homes e das mulleres que estaban privados de liberdade, eran poucas as galeras nas que se levaba a cabo, de xeito que a maioría das mulleres eran recluídas en cade-

as para homes, e ademais estas prisións masculinas serven de referentes para compara-las discriminacións de xénero é o carácter sexista do sistema penal e penitenciario.

O segundo libro, *Mujeres encarceladas*, dende o meu punto de vista, é unha continuación do anterior, xa que se centra en dar unha visión da situación das mulleres privadas de liberdade en España na actualidade, que é precisamente do que trata o último capítulo do libro anterior. A primeira parte radica na análise do contexto social e político que leva a que o índice de encadramento en España sexa un dos máis altos de Europa e das condicións actuais das cadeas de mulleres. A segunda parte consiste nun estudio de caso no cárcere feminino de Brians en Cataluña, onde a autora amósanos determinadas circunstancias da poboación feminina reclusa que mediante os datos de carácter oficial son imposibles de averiguar, o que nos proporciona unha imaxe diferente das mulleres delinquentes da que os medios de comunicación facilitáanos habitualmente. Ademais na última parte do libro, Almeda presenta a transcripción de varias entrevistas a mulleres da cadea de Brians, co fin de pórllle voz ós perfís que no capítulo anterior explicaba e conseguindo a emoción das lectoras.

O principal empeño da primeira parte de *Corregir y Castigar* é demostrar que as institucións de encerro de mulleres datan xa do século XVI, coma a Casa Galera de Sor Magdalena ou as Casas de Misericordia, e que poden ser consideradas coma o primeiro precedente das ideas correccionais que foron aplicadas en Europa durante a Etapa Ilustrada. Mentres os homes no Antigo Réxime eran sancionados sobre todo con castigos físicos, a condena das mulleres que vulneraban as leis baseábase na custodia pero coa finalidade de corrección e tutela da súa conducta. As teses dos pensadores ilustrados non tiveron en conta a existencia das cadeas de mulleres dos séculos anteriores e tampouco o resto das correntes precedentes, polo que a autora recalca ó longo de todo o texto a falta de perspectiva de xénero en toda a teoría política occidental.

A España chegaron os pensamentos ilustrados en materias punitivas, representados en catro principios básicos (clasificar, corrixir, castigar e disciplinar) e nun espazo carcerario concreto, pero en moi poucas ocasións foron levados a práctica xa que a reforma penitenciaria e penal foi difícil de aplicar nun contexto de precariedade e desigualdade económica. Tódalas prisións de mulleres mantiñan o principio dun control total sobre a vida das internas mediante a instrucción e as prácticas relixiosas, para conseguir o tipo ideal de muller deste período: sumisa e dócil. Nesta época, Almeda, destaca a figura de Concepción Arenal, como a principal penalista do século

XIX, quen denunciou a pésima situación das cadeas de mulleres e manifestou que a mellor forma de conseguila promoción destas consistía no traballo e na ensinanza, pero que nada tiña que ver con reforzalo seu rol tradicional.

A finais do século XIX en Europa desenvólvense as ideas do positivismo penal e criminolóxico que a partir do seu principal representante, Lombroso, tentan explica-lo fenómeno da delincuencia a través de condicionamentos basicamente biolóxicos e presentaban a muller delincuente coma especialmente dexenerada porque non soamente violaba as normas legais senón tamén a súa condición feminina. Nesta ideoloxía sentáronse as bases do actual sistema penal: o obxecto do tratamento era o criminal e non o crime e a finalidade era a rehabilitación. En España a situación era ben diferente. Durante a Segunda República levouse un pequena reforma da man de Victoria Kent, quen mellorou e humanizou as cadeas de mulleres pero mantendo unha política sexista. Nembargantes, durante a dictadura franquista tódalas prisións regresaron a un réxime militar e disciplinario, sendo máis agudo no caso feminino (cando empezan a introducirse nas cadeas de homes profesionais da conducta, as de mulleres seguen sendo gobernadas por relixiosas).

Unha vez na democracia constitúese a base da normativa penitenciaria española, que ten coma finalidade principal a reeducación e reinserción dos condenados e condenadas, a través dun tratamento individualizado que no ten en conta soamente o delicto senón tamén as circunstancias socio-familiares. A autora nun primeiro momento do capítulo cuarto fai un exame desta normativa co fin posteriormente de comparalo coa realidade. Fai referencia a unha serie de deficiencias de maneira xeral do sistema penitenciario actual: problemas de masificación e amontoamento que seguen a sufrir hoxe en día as cadeas, o tratamento penitenciario foi converténdose nun medio destinado simplemente a custodia e a vixilancia e o réxime caracterízase polo excesivo rigor ou a falta de traballos penitenciarios cualificados e de actividades culturais, recreativas e formativas.... A autora neste punto presta especial atención á asistencia social dentro das cadeas, xa que pensa que o gran número de presos e presas e a escasa dotación económica cara este tipo de servizos producen unha falta total de cobertura social ós internos e internas. O quinto capítulo dedícao a facer unha radiografía do conxunto asociativo que traballa no ámbito penitenciario español.

O último e sexto capítulo de esta primeira obra de Almeda consiste nun primeiro avance do que a autora vai plantexar en *Mujeres encarceladas*: a invisibilidade que padecen as mulleres dentro do sistema penal e peniten-

ciario e o conxunto de discriminacións ás que son sometidas. Polo tanto, aínda que nas primeiras follas desta segunda obra dalgunha maneira esboza aspectos de teorías criminolóxicas con fin de situá-la criminoloxía de xénero e fai un repaso da bibliografía existente sobre esta temática nos países occidentais e en EEUU, ocúpase ante todo dunha análise da realidade actual.

Esta análise comeza coa exposición das hipóteses que determinan que o índice da poboación reclusa feminina en España sexa un dos máis altos de Europa, que basicamente céntranse nun precario desenvolvemento do Estado de Benestar. Non existen practicamente medidas para a prevención da delincuencia nun momento en que a participación das mulleres en certos delitos aumenta sobre todo por motivos de opresión familiar, pobreza e drogodependencias, e tampouco existen penas alternativas a privación de liberdade, tendo en conta que as mulleres delinquentes forman un dos colectivos máis vulnerables socialmente e que máis se beneficiaría destas, xa que dispoñen de menos recursos económicos, laborais e educativos. Polo tanto, a autora alega que en España non é que existan máis mulleres delinquentes que noutros países se non que se encarcera con máis frecuencia.

A terceira parte do primeiro capítulo trata das discriminacións nas prisións de mulleres dende diferentes aspectos. Parte da escaseza de cadeas exclusivas para mulleres, sendo estas recluídas habitualmente en pequenos módulos situados no interior das cárceres de homes ou en pequenas prisións de mulleres dentro de grandes complexos penitenciarios de homes, que normalmente son gobernadas por un so director e como a poboación masculina é a maioritaria acábanse primando as necesidades dos homes. Estas limitacións arquitectónicas derivan nunha falta de separación da poboación reclusa feminina en función da idade e dos graos o que imposibilita un tratamento individualizado. A oferta de programas educativos, culturais e recreativos é menor que a que teñen os homes, e os que existen por regra xeral reproducen os estereotipos sociais de xénero, que reclúen ás mulleres nos seus roles domésticos e non as preparan para o mercado laboral. É dicir, séguese a manter a idea lombrosiana de que a muller criminal ademais de vulnera-las leis tamén vulnera a súa condición feminina, sendo a cadea o medio que vai a corrixir esta dobre desviación.

A maternidade nas prisións constitúese nunha das problemáticas máis graves da condena, tanto pola separación das fillas que moitas veces deriva nunha desestructuración familiar, coma polo sufrimento que supón para os nenos e as nenas padecer todas as consecuencias da prisionalización cando estes conviven coas súas nais dentro da cadea.

Na segunda parte do libro Almeda explícanos a través de nove meses de traballo de campo na cadea feminina de Brians cómo son estas mulleres, e tamén o cómo e por qué chegaron a ser as mulleres encadeadas. Mediante datos oficiais amósanos os perfís mais xerais: a gran maioría das mulleres están condenadas por delitos relacionados directa o indirectamente co consumo ou tráfico de drogas e as mulleres inmigrantes e mulleres xitanas están sobre-representadas. E mediante o traballo in situ revélanos unha realidade completamente oculta, a súa traxectoria vital e penitenciaria: unhas mulleres superviventes dunha infancia marxinal e carente de oportunidades, que escapando dun non fogar buscaron a solución na heroína. Mulleres dependentes de homes que moitas veces iniciáronas na toxicomanía, e en moitas ocasións a causa do seu encadeamento é ser cómplices ou encubridoras dun delito cometido por un home. Mulleres sen parella, abandonadas polos homes, sustentadoras da familia que se ven obrigadas a delinquir ou a prostituírse porque o seu baixo nivel de instrución e formación non lles permite insertarse no mundo laboral.

Finalmente é no terceiro bloque onde son elas, as mulleres encadeadas, as que falan, as que narran as súas propias vivencias, a través da transcripción das oito entrevistas que a autora considerou máis representativas, logrando que as teses anteriormente expostas adquiran unha consistencia real.

Remato esta recensión manifestando a miña satisfacción pola lectura destas dúas obras de Elisabet Almeda. Considero que son libros de gran utilidade non só para os profesionais do tema ou para as persoas que nos dedicamos á investigación en ámbitos similares, se non tamén para o público xeral que poden coñecer de primeira man un mundo tan inaccesible e esquecido. En definitiva, ámbolos dous libros conseguen facer visible a realidade das cadeas de mulleres e amplía-la escasa bibliografía que existe no Estado español sobre este tema.

Patricia LORENZO RUIZ